



un pacto vergonzoso

Empobrecemento dos nosos salarios

	Acordo CCOO-UGT-CEOE	IPC previsto
Año 2011	1%	2'4% (real)
Año 2012	máximo 0'5%	2%
Año 2013	máximo 0'6%	2%
Año 2014	máximo 1'5%	2%
Total 4 anos	3'6%	8'4%

Por culpa da negociación de CCOO e UGT os salarios perderán de media 3.000 euros nos próximos 3 anos

Empobrecer os salarios non activa o consumo, é un negocio para a banca porque necesitamos máis crédito e en consecuencia pagaremos máis intereses.

Este pacto non vai crear emprego, senón que vai deprimir máis a economía, como pasou coas últimas reformas laborais e das pensións. Pero como sempre, faise para que a riqueza se transfira en maior medida da clase traballadora para os ricos.

Desregulación horaria

Acordaron a distribución irregular do 10% da xornada anual, aproximadamente 20 días, dos cales casi 5 serán de libre disposición para a empresa.

Xa non teremos un calendario de traballo estábel e os eventuais acabarán traballando máis días sen recuperalos nin cobralos.

A chamada “flexibilidade horaria” **non crea emprego, destrúeo**, porque co mesmo persoal a empresa cubre máis horas de traballo. Cubrirán moitas horas extra con desregulación e así non as pagarán.

Aumentan os beneficios dos multimillonarios

Os executivos das empresas do IBEX (Repsol, Telefónica, BBVA, Inditex...) subiron os seus salarios máis dun 7% e cobran unha media de 2 millóns de euros ao ano.

O fraude fiscal dos ricos é inmenso, a maioría das súas ganancias non pagan IRPF, pois pónenas en accións e non tributan. Facenda estima que estas empresas desvían a paraísos fiscais máis de 100.000 millóns de euros. Con este diñeiro o estado tería un enorme superávit. Eles crean o déficit, pero tanto PP como o PSOE non reforman a fiscalidade das grandes empresas porque están vendidos a este gran capital.

Pídenos sacrificios

Din que estes sacrificios son para crear emprego, pero responsábeis políticos como o deputado do PP **Telmo Martín** tiña contratados na obra do novo hospital en Vigo máis de 60 traballadores, todos estranxeiros, para pagarlles **600€ ao mes por dez horas diarias**. O Conselleiro de Industria da Xunta, **Javier Guerra**, fabrica en Portugal a roupa que nos vende. O ano pasado, coa Xunta aplicando recortes nos servizos sociais, déronlles 18 millóns de euros aos empresarios galegos para proxectos de investimento no exterior, é dicir, para **investir fóra e deslocalizar a actividade** a outros países.

Cambian o incremento dos salarios en función do IPC (suba dos prezos) polo PIB (Produto Interior Bruto), tal e como pedían os empresarios.

Que pasaría se aplicasemos a suba dos salarios en función do PIB nos últimos dez anos?

PIB anos 2000-2010	total: 21'1%
IPC anos 2000-2010	total 31'8%

Diferencia - **10,7%**

(estaríamos cobrando una media de **2100€ menos ao ano**)

Loita coa CIG!

CCOO e UGT venderon a clase traballadora unha vez máis, debemos mobilizarnos e parar esta inercia que nos empobrece. Nos convenios que negocie a CIG non aceptaremos este tipo de recortes. Nós, loitaremos.